

**DOCUMENTO BASE:
AVALIACIÓN EXTERNA DOS
PROXECTOS DE EDUCACIÓN
PARA O DESENVOLVEMENTO**

**DIRECCIÓN XERAL DE
COOPERACION EXTERIOR**

2006 - 2008

MARCO DE ACCIÓN NORMATIVO E DOCUMENTAL DESTA AVALIACIÓN

1. Declaración universal da UNESCO sobre diversidade cultural. 2001.
2. O marco ao efecto pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, establecido nas súas convocatorias de 2006: a) para a sensibilización (DOG do 22 de maio) e b) para a consolidación e fortalecemento, (DOG do 20 de xuño), de 2007: a) para a sensibilización (DOG de 19 de abril) e b) para execución de proxectos (DOG do 10 de abril) e de 2008: a) para a sensibilización e consolidación e fortalecemento (DOG do 24 de decembro e b) para execución de programas no exterior (DOG do 30 de xullo de 2008).
3. “La política de desarrollo de la Unión Europea: el consenso europeo” Proposta de Declaración Conxunta do Consello, do Parlamento Europeo e da Comisión Europea. Comisión das Comunidades Europeas, Bruxelas, 2005.
4. I Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2006-2009.
5. Plan Anual de cooperación para o desenvolvemento 2006.
6. Informe 2006 da cooperación galega.
7. Plan Anual de cooperación para o desenvolvemento 2007.
8. Informe 2007 da cooperación galega.
9. Plan Anual de cooperación para o desenvolvemento 2008.
10. Plan Director de la cooperación Española 2009-2012. –Borrador 1- octubre de 2008.
11. Conclusións do I Foro de debate da cooperación galega. 2008.
12. “La teoría de la evaluación de proyectos”. Catalina Martínez Mediano. Departamento de Métodos de Investigación y Diagnóstico en Educación. UNED.
13. *Personalizar la evaluación*. (S. Kushner: 2002) Edicións Morata.
14. *Métodos cualitativos y cuantitativos en investigación educativa* (T. Cook: 1986) Morata
15. *Evaluación de los programas educativos*. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía. 2004.

16. *Evaluación de la formación* (F. Cabrera: 2000) Síntesis Educación.
17. *Evaluación de las acciones formativas*. (D. Kikpatrik: 2000) Ediciones Gestión.
18. *Evaluar los resultados de la formación*. (R. Mager: 1997) EPISE.
19. *Evaluación de programas y de centros educativos*. Diez años de investigación. (vv. aa) Colección-investigación. Número 15. Ministerio de Educación y Ciencia, 1995.
20. *Estándares para la evaluación de programas*. (J. Sanders: 1998) Ediciones Mensajero.
21. <http://www.un.org/spanish/millenniumgoals>. Portal do labor das Nacións Unidas sobre os Obxectivos do Milenio.
22. <http://www.unep.org/MDGs/>. Programa das Nacións Unidas sobre o medio ambiente.

OBXECTIVOS CONCRETOS DESTA AVALIACIÓN

1- Buscar a concordancia entre os criterios contemplados nas convocatorias da Dirección Xeral e as actividades desenvoltas.

2- Buscar a concordancia entre os obxectivos marcados polas ONGD nos proxectos e as actividades propostas para desenvolveos.

3- Verificar que as actividades para as que foron subvencionadas foron realizadas.

4- En caso contrario, indicar cales non o foron para analizar o grao e o porqué do desvío dos obxectivos marcados nos proxectos.

5- Sinalar o grao de consecución dos proxectos en cada un dos criterios de valoración presentes nas resolucións de convocatoria.

6- Analizar o impacto das accións desenvolvidas nas persoas destinatarias, definindo os logros e os aspectos a mellorar.

7- Valorar a pertinencia dos recursos e materiais educativos desenvolvidos e/ou creados polas distintas ONGD no eido da educación para o desenvolvemento.

Todo isto co obxectivo final de contribuír a fortalecer as accións de educación para o desenvolvemento na nosa comunidade autónoma.

CARACTERÍSTICAS DUNHA AVALIACIÓN EXTERNA REALIZADA DESDE O ÁMBITO EDUCATIVO

O obxectivo e natureza desta avaliación

- O enfoque que guiou esta avaliación ten unha finalidade eminentemente práctica: nace coa intención de que as valoracións obxectivas que contén poidan ser tamén instrumentos de coñecemento sobre a EPD galega, ao constituír no seu conxunto as diferentes variables que permiten aportar datos concretos (participan máis profesoras que profesoras ou viceversa, asociase o alumnado ás distintas ONGD despois das súas intervencións, traballan cos seus recursos ao longo do curso, en que campos da cooperación se interesan máis, hai diferenzas de participación entre o ámbito rural e cidadá, etcétera). Sen embargo, convén manifestar xa neste punto que os datos aportados nas memorias e por conseguinte, extraídos neste estudo, non permiten achegarse a este nivel de coñecemento.

- Esta avaliación quere ser tamén un estudo analítico da EPD galega, ao centrarse tanto na análise de resultados coma na avaliación dos obxectivos formulados nos proxectos, en dous niveis: o da súa pertinencia e o do seu desenvolvemento. Neste segundo ámbito, que constitúe a avaliación externa *strictu sensu*, o modelo de traballo baséase na contrastación dos resultados, realizado a partir do estudo da relación causal entre o proxecto e os seus logros obxectivos¹, como se especificará máis adiante. Co estudo realizado a partir da avaliación obxectiva, pretendemos pois reflexionar sobre os datos aportados, recoller o impacto das accións acometidas, e, sobre todo, facer unha prospectiva, facilitando a previsión de necesidades de formación da sociedade galega e unha mellor planificación dos temas obxecto de accións prioritarias. Tívoise en conta tamén como marco da avaliación as recomendacións dos organismos internacionais implicados no desenvolvemento social, cando establecen que debe

¹ Partimos pois da consideración xenérica de *avaliación* en educación como a análise da posible influencia entre si dos distintos compoñentes do proceso de intervención-aprendizaxe.

buscarse como criterio prioritario a eficacia dos esforzos na educación e na sensibilización en materia de desenvolvemento², polo que a busca desta eficacia preside tamén a formulación desta avaliación.

Deseño desta avaliación a partir dos proxectos e das memorias

- En efecto, unha vez deseñada a estrutura desta avaliación e planificados os seus pasos, o estadio máis importante da mesma foi a recollida sistemática da información instrumental (onde, cando, cales, cantos, porque, etcétera) e isto porque partimos da base de que ningunha valoración subxectiva realizada ao marxe dos datos nin, en consecuencia, as decisións que se toman sobre a base dos xuízos de valor poden ser máis determinantes que a información en que se baseen; a nosa análise non podía partir de valoracións tales como: “a intervención tivo moito éxito”...”foi moi ben acollida”,... etcétera, que se atopan en gran parte das memorias, xa que soamente os datos verificables e contrastables teñen a forza de se impor sobre as valoracións subxectivas e as consideracións aproximativas e non verificables. Esta necesidade de verificación e contrastación guiou e determinou a forma que adopta esta avaliación, e que, por outra parte, ven determinada polo carácter planificado e sistemático que se lle supón aos procedementos de recolección de datos.

- Esta necesidade de aportar cantos datos sexan posibles sobre os que realizar o estudo analítico xorde tamén doutro obxectivo implícito nesta avaliación: facilitar a toma de decisións de todos os axentes implicados en EPD para buscar a máxima eficacia en todas as súas intervencións; unicamente a través dos datos contrastables e da súa análise situacional pode mellorarse ou reforzarse unha liña de actuación concreta, pero se non se presentan datos obxectivos non se pode saber cal é o alcance real das actividades realizadas, e, en consecuencia, respostar eficazmente ás necesidades de sensibilización da sociedade galega.

² Cf Conferencia europea sobre a educación para o desenvolvemento (Helsinki, 3 e 4 de xullo de 2006)

- Cómpre tamén manifestar que non se estableceron para esta avaliación obxectivos propios, xa que se desenvolveu directamente a partir dos obxectivos marcados en cada un dos proxectos, independentemente de se uns están mellor formulados que outros. Agora ben, no apartado titulado “Identificación das posibles melloras”, establécense algunhas consideracións, sobre todo no que se refire á formulación dos obxectivos, cara a súa concreción e contextualización real, xa que nalgúns casos confúndense “obxectivos” con “desiderata” ou con plantexamentos tan xenéricos que son difíciles de cuantificar, identificar e desenvolver (por exemplo: “concienciar á sociedade galega”, ou “dirixirnos a todos os centros educativos de Galicia”, ou “o 100 % 100 dos centros disporá deste material”, etc). Os obxectivos deben ter un foco de acción concreto, real, e identificable, que neste caso sería, “axudar á concienciación do alumnado de tal ou de cal entorno, “proporcionar este material aos centros cos que temos contactado, etcétera”.

- Tamén compre manifestar neste apartado que, pola propia natureza das memorias presentadas polas distintas ONGD, optouse por empregar unha metodoloxía instrumental mixta en tres vías: cualitativa (consideracións obxectivas extraídas das accións, obxectivos, indicadores e da planificación temporal presentadas nos proxectos e nas memorias) *cuantitativa* (lamentablemente, en moita menor medida, xa que apenas si existe unha tipoloxía de datos contrastables e extraíbles das distintas accións desenvolvidas nas memorias) e tamén unha avaliación *criterial* ou formativa (que serva como instrumento de coñecemento).

- Por último, é necesario por de manifesto que, fronte a quen considere que as valoracións emitidas neste informe non recollen na súa totalidade a intervención realizada, cómpre lembrar que unha avaliación externa trata de recoller todos os datos representativos plasmados nas memorias e nos seus anexos para emitir unha valoración imparcial e ponderada sobre os mesmos.

Canto máis completa sexa a información aportada, mellor se poderá coñecer e valorar dita intervención, e *vice versa*; a intención e as valoracións subxectivas das bondades dunha intervención non son obxecto de avaliación; valóranse os datos aportados, como instrumentos dos feitos, e por tanto, da realidade. Cómpre manifestar que partimos da base de que unha avaliación externa non é unha translación directa de todo o realizado, e que hai moitas cousas que non se poden poñer por escrito: os esforzos, o compromiso, as dificultades e as satisfaccións, son un bo exemplo disto; pártese pois, de analizar o que se presenta como documentos, como testemuñas das intervencións, que constitúen, cos seus logros e as súas fallas, a única parte verazmente contrastable da realidade; de aí a importancia de plasmar da forma máis completa posible todas as accións desenvolvidas (sobre aqueles aspectos que non se inclúen nas memorias unha avaliación externa non se pode manifestar).

DOCUMENTO MARCO DE AVALIACIÓN DE EPD

CUESTIÓNS PREVIAS

Ademais da análise concreta de cada proxecto, formulado seguindo os criterios propios de cada ONG, intentamos crear un “documento marco de avaliación de EPD”, construído cuns *items* básicos que fosen común a todos os proxectos, e que se formulan en forma de preguntas, cuxas respostas aportan información, extensible a todos os proxectos e que permitira comprobar o grao de planificación e do impacto das actividades desenvolvidas. Estas cuestións, formuladas aquí dun xeito xenérico, guiaron o estudo de cada un dos proxectos; con elas inténtase obter información pertinente sobre a identificación de necesidades formativas, a concreción dos conceptos, a planificación e a programación das actividades, e fundamentalmente, sobre o impacto acadado coas mesmas.

Así, nesta avaliación preséntanse por cada proxecto, dúas modalidades avaliativas: a primeira, consiste na valoración directa de cada proxecto e de cada memoria, e adopta a forma de *documento valorativo*; a segunda, realízase a partir do documento marco, -que se amosa a continuación- e responde ás cuestións específicas deste; adopta unha *estrutura estatística* proporciona información en porcentaxes tanto de cada pregunta básica como do grao de cumprimento das mesmas, por cada un dos proxectos analizados.

Cómpre manifestar que deste documento marco, quedaron fóra cinco cuestións que se citan a continuación, por non ser competencia desta avaliación, que trata exclusivamente das intervencións en EPD, e non das estruturas organizativas das distintas ONGD que as formulan. Estas preguntas inclúense a continuación, por se poden ser susceptible de ser manifestado, caso afirmativo, no conxunto das memorias e por se poden ser planificadas *a priori* nas reunións habidas a través da Coordinadora³.

³ Cómpre salientar que algunhas ONG si o manifestan nas súas memorias, pero son unha minoría

1. Tense coñecemento das accións impulsadas e desenvoltas por outras ONG galegas sobre a temática obxecto do proxecto de EPD?
2. Tense coñecemento dos materiais e recursos educativos creados por outra ONG sobre a temática concreta de EPD?
3. Tense coñecemento das áreas xeográficas nas que interveñen as ONG galegas que traballan nese ámbito de EPD?
4. Desenvolven algunha actividade conxunta para aumentar o grao de implantación das súas actividades?
5. Faise unha indagación previa para saber se no mesmo lugar se desenvolven actividades paralelas, que se axuden, ou pola contra, se solapen?

DOCUMENTO MARCO

O documento marco que se presenta a continuación consta dunha serie de preguntas dirixidas directamente a verificar o impacto do proxecto facendo fincapé sobre os seus aspectos máis salientables. Gran parte das preguntas máis importantes, pola información que aportarían, non poden ser respondidas nos proxectos destes anos, porque resulta imposible a súa verificación, o que tamén se pon de releve no documento estatístico, co obxecto de que sirva de factor de corrección e mellora nas sucesivas convocatorias. Sería preciso que as memorias incluíran unha recollida sistemática de información das súas actividades, como corresponde á última fase de formulación de proxectos.

As preguntas que se inclúen neste documento avaliador parten directamente dos focos de interese que ten a EPD no ámbito educativo; e sobre todo, no ámbito educativo que se ocupa do impacto das accións formativas; fórmulanse, pois, desde esta perspectiva, e están orientadas a comprobar o grao de consecución e de viabilidade teñen os proxectos de sensibilización por unha banda, sobre o profesorado, -no caso de ser este o principal obxectivo da acción da ONGD- e sobre o alumnado, na súa dobre vertente como destinatario directo das accións da ONG ou como destinatario indirecto, das accións co profesorado.

Exponse a continuación o documento marco avaliativo, en dúas versións: a primeira, unicamente contén a formulación das preguntas. A segunda, introduce en cada item valorativo o porqué do seu cuestionamento.

DOCUMENTO MARCO DA AVALIACIÓN

COHERENCIA NO PROCEDEMENTO DE CONTACTO	SI	NON consta
1. Contacta co centro a través do CFR, do equipo directivo ou do/da orientador/a?		
2. Realízase o contacto cun/cunha interlocutor/a directo/a?		
COHERENCIA COA ETAPA EDUCATIVA	SI	NON consta
3. Faise unha comprobación previa do que sabe o alumnado sobre o tema concreto de acción?		
4. Coñece o currículo educativo ou o que os libros de texto din sobre ese tema?		
5. Coñece a experiencia previa ou o traballo dese grupo de alumnos/as ou profesores sobre ese tema en cuestión?		
6. Desenvolven as actividades a cooperación entre os compañeiros/as e o traballo colaborativo?		
7. Ofrécense propostas diferenciadas para profesorado ou o alumnado de diferentes idades?		
8. Trátanse especificamente outros contidos básicos da cooperación?		
COHERENCIA CO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	SI	NON consta
9. Fálase previamente co profesorado da actividade que se vai desenvolver co alumnado?		
10. Facilítaselle información do que facer despois para continuar traballando na aula?		
EFICIENCIA E EFICACIA DAS INTERVENCIÓNS	SI	NON consta
11. Pasan cuestionarios ou enquisas das súas intervencións despois de facelas?		
12. Presentan eses cuestionarios ou enquisas nas memorias?		
13. Analízanas cuantitativa e/ou cualitativamente nas memorias?		
14. Serven despois de base para a modificación das intervencións en anos sucesivos?		

DOCUMENTO MARCO COAS PREGUNTAS QUE O ORIXINAN

COHERENCIA NO PROCEDEMENTO DE CONTACTO	SI	NON consta
1. Contacta co centro a través do CFR, do equipo directivo ou do/da orientador/a?		
2. Realízase o contacto cun/cunha interlocutor/a directo/a? Faise un contacto persoalmente ou, pola contra, faise envío indirecto (ou masivo), sen mediar contacto)		
COHERENCIA COA ETAPA EDUCATIVA	SI	NON consta
3. Faise unha comprobación previa do que sabe o alumnado sobre o tema concreto de acción? Caso positiva, de qué xeito. Isto é importante tanto para que o alumnado atope coherencia en todas as distintas intervencións que se fan sobre el como para que esta acción da ONG reforce o labor educativo no eido dunha educación integral en valores. É fundamental suscitar o contraste entre o punto de partida do alumnado e as novas informacións adquiridas. Trátase de integrar no esquema mental do alumnado o que descubriu na aprendizaxe e o que fixo seu.		
4. Coñece o currículo educativo ou o que os libros de texto din sobre ese tema? En caso afirmativo, de que maneira o reflicten, tanto na súa intervención, coma nos materiais específicos feitos ou na elección dos grupos ou cursos sobre os que vai intervir. Isto é moi importante, porque non ten nada que ver introducir un novo contido, xa sexa conceptual, ou atitudinal, con incidir cos que xa foron obxecto de traballo na aula.		
5. Coñece a experiencia previa ou o traballo dese grupo de alumnos/as ou profesores sobre ese tema en cuestión? Debe partirse sempre dos coñecementos que ten o alumnado, máxime se xa participaron activamente nas temáticas de cooperación.		
6. Desenvolven as actividades a cooperación entre os compañeiros/as e o traballo colaborativo? Promover a implicación asociativa da mocidade, debería ser a prioridade, xunto ao coñecemento e emprego dos recursos. As ONG e os axentes educativos debemos non so promovelos, se non dar exemplo.		
7. Ofrécense propostas diferenciadas para profesorado ou o alumnado de diferentes idades?		
8. Trátanse especificamente outros contidos básicos da cooperación?		
COHERENCIA CO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	SI	NON consta
9. Fálase previamente co profesorado da actividade que se vai desenvolver co alumnado?		
10. Facilitaselle información do que facer despois para continuar traballando na aula? Se as actividades non foran puntuais, poderíase traballar en varios niveis con distintos ritmos de aprendizaxe, nos que o último sería o concepto, ao que se chega por observación, contraste coa realidade, traballos en grupo, etc. Os proxectos que conteñen materiais didácticos poden asegurar o traballo continuado, cunhas pautas dadas pola ONG.		

EFICIENCIA E EFICACIA DAS INTERVENCIÓNS	SI	NON consta
<p>11. Pasan cuestionarios ou enquisas das súas intervencións despois de facelas?</p> <p>En toda intervención formativa é preceptivo incluír unha enquisa avaliativa na que as persoas destinatarias desta acción valora a súa pertinencia, eficacia, os contidos, a metodoloxía e os obxectivos acadados coa mesma. Permiten así mesmo comprobar o impacto real, non subxectivo, da acción nos seus destinatarios</p>		
<p>12. Presentan eses cuestionarios ou enquisas nas memorias?</p>		
<p>13. Analízanse cuantitativa e cualitativamente nas memorias?</p> <p>Saber o que pensan as persoas obxecto da intervención permite reflexionar sobre a calidade e a pertinencia da mesma. Canta máis información se teña sobre o impacto que logra acadar unha acción máis se poderá incidir na súa recondución ou, pola contra, no seu fortalecemento</p>		
<p>14. Serven despois de base para a modificación das intervencións en anos sucesivos?</p> <p>Este paso é fundamental se se procura a calidade, a mellora e a utilidade das vindeiras intervencións.</p>		

VALORACIÓN ESPECÍFICA DOS PROXECTOS

Unha vez analizados todos os proxectos, elaborouse este informe, co obxectivo de integrar as apreciacións cualitativas e os datos concretos.

A avaliación de cada un dos proxectos tivo en conta tres fases complementarias:

- Avaliación do **deseño** das actividades de cada proxecto, especialmente, os recursos educativos creados especificamente nestas convocatorias.
- Avaliación do **proceso** de cada proxecto (coherencia, pertinencia, eficacia, etc, etc)
- Avaliación da **consecución** dos obxectivos dos proxectos (os resultados e o impacto)

Estudados individualmente os proxectos e as memorias, obsérvase a necesidade de introducir **factores de corrección** (que actúan sobre o concreto) e tamén, unha **recondución dos criterios de actuación** (que actúan sobre a mellora do impacto xeral dos mesmos). Imos deternos nestes aspectos.

- Existe unha tipoloxía moi variada de estruturas, deseños e formulacións nos distintos proxectos, o mesmo que nas memorias correspondentes, como se verá nas súas valoracións; neste punto cabe xa sinalar que, desde o punto de vista da claridade de formulación, son especialmente coherentes as memorias que incardinan os obxectivos propostos no proxecto cos desenvolvidos na memoria, xa que permiten establecer unha gradación entre os distintos estadios do proceso de traballo.

- Cómpre manifestar tamén que algunhas ONGD fan cursos para o profesorado a través dos centros de formación e recursos da Consellería de Educación e O.U., co cal, o profesorado asistente ten un recoñecemento oficial de horas de formación que lles sirve totalmente a todos os efectos profesionais e que, ademais, lles permite facer visible a súa acción no entorno educativo; outros cursos plantexados, non teñen ningún tipo de homologación ou recoñecemento para as persoas asistentes. Isto non é valorado nin positiva nin negativamente, soamente se inclúe a título informativo.

- Á luz da lectura dos proxectos, obsérvase cómo as intervencións na escola se realizan case todas no ámbito formal. Isto é percibido moitas veces polo alumnado como unha obrigaón, e aínda que lles interesen os contidos, hai que ter en conta que a mocidade en xeral, non sente como propio o espazo da clase, nin o atopa estimulante para a súa aprendizaxe. Podería fomentarse a formación noutros espazos e noutros contornos máis queridos polo alumnado: interesar e comprometer ao alumnado a través das radios escolares, a través das xuntas de delegados/as⁴, do alumnado que integra o Consello Escolar, ou utilizando o patio escolar, nos corredores das escolas, promovendo o asociacionismo e a visibilización das accións no alumnado fóra da aula, etc, etc. En suma, aproveitar as enerxías da nosa mocidade para impulsalos á cooperación, o que dificilmente se logra a través de intervencións nas aulas.

- Mellorar a xestión nas actuacións en EPD é agora o prioritario, máis que promover que haxa máis proliferación de accións hai que promover que haxa mellores accións, -non máis- e que teñan máis impacto na sociedade. Isto pasa por coñecer e empregar os recursos xa feitos sobre os distintos temas e tamén por reflexionar a partir de criterios obxectivos de mellora.

- Dito isto, o informe establece dous apartados complementarios: a identificación das debilidades dos proxectos e a introdución dos factores de mellora.

⁴ É moi importante aproveitar o canle máis doado para achegarse á mocidade, que é a ensinanza entre iguais. Ademais, compre non esquecer que os/as delegados/as son escollidos polo grupo, polo que o entrar a través do alumnado ten garantizado o seu interese.

IDENTIFICACIÓN DAS DEBILIDADES DOS PROXECTOS

1- Moitas das intervencións nas aulas son de tipo dirixista e maxistral; as persoas encargadas da EPD das distintas ONG expoñen os contidos, e o alumnado, escoita; é un tipo de intervención tradicional, da vella escola, pola que se establecen dúas categorías totalmente diferenciadas: a persoa “que sabe”, - quen actúa activamente como transmisora dos coñecementos- e a persoa que non sabe, que actúa pasivamente e recibe eses coñecementos. A escola actual transmuta eses presupostos: é un intercambio de saberes, un diálogo aberto entre todas as persoas implicadas na aprendizaxe; o alumnado está en disposición de saber aprender e de saber investigar; soamente hai que darlle as ferramentas de busca e os recursos para que o leve a cabo; a intervención máis eficaz é a que vén despois, sobre as conclusións que o alumnado se faga, porque soamente o que procede da propia motivación é sentido como necesario e por tanto, alcanza un grao de interiorización favorable á concienciación e ao conseguinte cambio de conduta.

Ademais, é fundamental darlle a oportunidade ao alumnado de pasar de ser un ente pasivo, un puro receptor; hai que darlle a competencia de autonomía na súa aprendizaxe, o que está en relación con varias das competencias básicas do currículo educativo, como son *aprender a aprender* e *autonomía persoal*. As actividades que pretenden cambiar condutas han de poñer o acento na análise e na investigación como vía de descubrir e construír o propio coñecemento. Focalizar a atención na transmisión tradicional de contidos, é unha das estratexias menos transformadoras para os nenos e as nenas: modificar as súas condutas é o importante: os datos esquécense; o comportamento, non.

2- Se ben é certo que o profesorado é o principal axente do proxecto educador vital do alumnado, non é menos certo que as AMPAS e os colectivos de estudantes tamén o son. Case ningún proxecto contempla unha intervención coas AMPAS, ou cos pais e nais dun grupo ou dun curso que en moitos casos, teñen moito poder sobre a realidade vital do alumnado: o profesorado pode concienciar nos contidos e os rapaces converxer totalmente, pero son os pais e as nais os

responsables finais do que fan: podemos facer que o alumnado sexa consciente da importancia de axustar o consumo ás limitacións dos recursos naturais, (e iso cando as intervencións son óptimas e deixan unha impronta) pero son os pais e as nais os que lles mercan móbiles, os que usan coches contaminantes, os que non reciclan, os que lles mercan determinada roupa, etcétera, De nada serve concienciar a unha nena se esa concienciación non pode facerse efectiva na súa vida ata anos despois, xa que, en última instancia, os proxectos pretenden propiciar un cambio de hábitos (que é o paso ulterior a unha concienciación real).

3- Case todos os proxectos están enfocados a centros de educación primaria, secundaria e universitaria, estando ao marxe gran parte da poboación escolar galega, como é a que cursa Formación Profesional. Este alumnado está profesionalizándose nalgúns dos temas cruciais obxecto de EPD; actuar con eles sería acompañalos na súa concienciación, que ademais revertería máis pronto na sociedade galega, ao acadar postos de traballo antes que o alumnado universitario. Dáse o paradoxo de que este alumnado se está a formar en aspectos de especial interese para as ONGD, sen que ningún axente interveña na súa sensibilización. Cítanse no anexo I os case cincuenta ciclos formativos directamente relacionados con EPD. Formar e sensibilizar a este alumnado posibilitaría un cambio substancial e tanxible da EPD.

4- Os contidos dos materiais e dos recursos educativos realizados polas ONGD son case todos: a) **informativos**, i.e; informan dunha situación concreta ou do obxectivo a tratar (sobre todo, nos materiais relativos aos ODM) e **xerais**: están dirixidos a un público non especializado nos distintos ámbitos concretos do coñecemento ou do saber; cumpriría superar este estadio nos vindeiros proxectos, e centrarse en cómo actuar a partir dos coñecementos xa asentados grazas a estas etapas informativas previas: é preciso agora actuar desde os distintos ámbitos e sectores da poboación galega sobre eses obxectivos concretos, xa que intervir sobre os coñecementos que xa se ten posibilita un impacto maior das actuacións e un cambio de actitudes. Isto tense en conta nos proxectos de ONG sectorializadas (caso de *Veterinarios sen fronteiras*, ou *Enxeñería sen*

fronteiras, por exemplo). Cumpriría reflexionar sobre o reto que supón dirixirse á sociedade galega non como un ente abstracto e xenérico, se non aproveitando os saberes do seu tecido social; un paso adiante respecto ao feito ata agora en EPD, sería que algúns proxectos afondaran nos contidos dos materiais para a concienciación de distintos sectores da sociedade galega.

5- Este parece o seguinte paso propedéutico, xa que, á luz desta avaliación, conséntase que varias ONGD elaboran materiais xenéricos sobre os mesmos contidos, en lugar de aproveitar os recursos feitos por outras e poñelos a disposición de máis persoas: é importante non duplicar esforzos nin malgastar os recursos e os saberes doutros: é preciso construír a partir do construído, e non partir sempre de cero; un exemplo moi claro constitúeo a cantidade de recursos similares creados sobre os ODM nas dúas últimas convocatorias; 10 ONGD crearon materiais propios e realizaron actividades moi semellantes neste ámbito: *Paz e Desenvolvemento*, a *Asemblea de Cooperación pola Paz*, a *Fundación Jóvenes del tercer mundo*, *Farmacéuticos mundi*, *Entreculturas Fe y Alegría*, *Manos unidas*, *Solidariedade galega*, *Enxeñería sen fronteiras*, *Intermón e Amarante* crearon recursos propios sobre os ODM. Sería importante que as distintas ONGD coordinasen os seus esforzos e complementaran as actuacións das súas liñas estratéxicas; podería achegarse así a máis persoas, xa que a sociedade galega así o require; deste xeito, en lugar de tratar os mesmos contidos os distintos materiais, poderíase incidir en distintos ámbitos máis específicos que non se abordan nos materiais xenéricos. Isto require un compromiso real e unha vontade de analizar onde se está e onde se quere chegar. É importante pois, que nas vindeiras convocatorias, os recursos e materiais creados sexan complementarios, e non repetidos.

6- Case todas as accións céntranse prioritariamente na denuncia das desigualdades, inxustizas sociais e desenvolvemento sostible. Respecto a estes extremos, a sociedade galega está concienciada en alto grao, (o que non é unha crítica, sempre é necesario incidir na denuncia); moi poucos proxectos parten de accións concretas que promovan activamente o cambio de actitudes e o compromiso necesario para que, desde Galicia, as cousas cambien. Dar a coñecer

as medidas concretas que se poden desenvolver para que a cooperación sexa efectiva desde Galicia é o reto máis determinante que a EPD ten nos países desenvolvidos.

6- Como cuestión formal, de grao menor, cómpre unificar o nome das memorias, tanto no estadio intermedio como no final (por exemplo, neste último eido, *Cruz Vermella* chama a memoria de 2006 Memoria narrativa; *Farmacéuticos mundi* fala de Informe de execución técnica, outros de memoria parcial, varias ONGD, de estado intermedio, *Solidariedade Internacional* fala de memoria descritiva, etc, etc.).

8- En realidade, algúns proxectos solo o son de nome, xa que un proxecto debe ser un plan estruturado de actividades que xiran ao redor dun tema concreto de cooperación, e ter un deseño concreto.

8- Moitos recursos inciden en aspectos que forman parte fundamental do currículo educativo LOE, recollidos e tratados nos libros de texto ano tras ano (caso do comercio xusto, da cidadanía global ou do desenvolvemento sostible). Pode alegarse que aínda que sexa certo, o alumnado volve a atopar como novos algúns destes contidos cando intervén a ONGD. Isto pon de manifesto que falla a transmisión de saberes. En moitos casos, e unha vez desenvolvida a intervención da ONGD, volve a ocorrer o mesmo. Isto debe mover a reflexión a todos os axentes implicados na EPD. A escola do século XXI non ten nada que ver coa de fai dez anos, e seguimos actuando nela practicamente igual.

FACTORES DE MELLORA NOS PROXECTOS E NAS SÚAS ACTUACIÓNS

Formúlase a continuación algúns dos factores de corrección que cumpriría ter en conta para favorecer a mellora nas intervencións educativas das distintas organizacións.

- As ONGD van aos centros, pero, a diferenza das intervencións sobre outras temáticas (dieta sá, consumo de drogas, conducción segura, etc, etc) a formación en cooperación debe intentar arraigar o cooperativismo, e amosar exemplos vivos de como se actúa cooperativamente; despois de varias convocatorias, as persoas formadas deben pasar a ser formadores, para isto, hai varias accións que se poden desenvolver, por exemplo, se xa ten ido varias veces a un centro educativo, alí, o profesorado implicado pode pedir un Seminario Permanente, un Grupo de Traballo ou un Proxecto de Formación e Asesoramento en centros, que desenvolva un proxecto de EPD.

- No Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvementos, consta como prioridade transversal a promoción da igualdade entre homes e mulleres. Hai que coidar que a linguaxe en EPD non sexa discriminatoria ou sexista, como acontece en moitos proxectos e memorias, como se especifica no apartado dedicado a cada un deles. Facer presentes ás mulleres pasa, entre outras moitas cousas, por nomealas, xa que en moitos casos, solo existe o que se nomea.

- En case todos os casos, a poboación obxecto e o proceso non están claramente definidos: sería importante concretar máis estes aspectos para que a intervención actuara claramente onde os participantes o precisan.

- Das cinco estratexias básicas de EPD cumpriría facer fincapé nas menos contempladas no ámbito de formación do alumnado, como é a loita contra a pobreza, a cooperación per se. Por exemplo, moitos proxectos inciden en cousas que xa saben: Solidariedade Internacional define no seu conto qué é a inmigración, qué é racismo; isto non é necesario; o que si o é, é que e cooperar no

exterior, que pode facer eu como tal, e defínilo, desde o que xa saben nos currículos educativos, e isto facéndoo segundo a gradación das etapas e os cursos.

- Case todas as ONGD formulan como intervencións formativas accións illadas: unha charla un día en todo o curso escolar, ou unha unidade didáctica, cando calquera acción de concienciación para que sexa efectiva debe estar programada e secuenciada, obedecer a unha análise previa, e ser continuada no tempo se o que se pretende de verdade é modificar condutas (de consumo, medioambientais, sexistas, etcétera), concienciar e comprometer xa que o compromiso esixe moito tempo e esforzo. Debería reflexionarse se se prefire achegarse a moitos centros en accións puntuais ou a menos, en accións perdurables. Esta escolla, xunto a “quen” e “como” debería concretarse moito máis nos proxectos. Coñecer realmente a quen se quere cambiar e o que se quere cambiar é fundamental (por exemplo, algúns materiais están destinados ao primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, cando iso xa non existe, ou falan de Ensino Medio, que tampouco)

- Como tense dito máis arriba, moitos dos contidos que aparecen recollidos nas actividades das ONGD impártense desde o primeiro ciclo de educación primaria nos currículos LOE. Estes están xa implantados e xa forman parte dos libros de texto e obxecto de exame; son materia directa de ensinanza, polo que agora, as ONGD, deberían coñecelos, saber qué contidos son e en qué cursos se imparten para favorecer o seu tratamento, coordinadamente. Non é útil repetir en secundaria os contidos xa tratados en primaria; como se dixo, se o alumnado non os ten claros é porque falla a metodoloxía da transmisión, non porque non se teñan transmitido. Non se debería incidir, pois, no mesmo.

- E o mesmo que se ten dito sobre a metodoloxía de ensinanza, e sobre os contidos, pode dicirse tamén sobre o deseño destes; despois das análises realizadas nos últimos anos no ámbito educativo, conséntase que as unidades didácticas non son o medio nin máis eficaz nin máis útil para achegar os coñecementos ao alumnado, xa que non parten da reflexión individual de cada membro da clase; parten todas dun nivel neutro de coñecemento sobre un tema, o que en ningún caso é real. O nivel de coñecemento medio non existe; para achegarse á conciencia dunha persoa, dun alumno/a neste caso, é preciso que

este faga súas as inquietudes, as necesidades; as veces, o alumnado xa sabe algo, ou moito, de certos temas, ben porque a súa familia estea especialmente sensibilizada, ben pola súa etapa formativa anterior, etcétera. Sempre imaxinamos que o alumnado non sabe practicamente nada de certos temas e que toda a súa aprendizaxe radica na nosa intervención, pero é máis importante facilitar ao alumnado o seu proceso de reflexión, mediante unha metodoloxía activa. Unha práctica de reflexión previa na aula favorece a comunicación, a posta en común de ideas, o debate, e sobre todo, a formación ente iguais, aspecto previo fundamental de calquera motivación para que unha aprendizaxe sexa realmente substantiva e xa que logo, provoque un cambio de valores.

As unidades didácticas non permiten a retroalimentación do alumnado nos distintos estadios de presentación dos contidos, nin reconducir cara outras direccións complementarias os contidos, xa que estes se presentan dun xeito concreto.

Ao mesmo tempo, as metodoloxías de traballo deben deixar atrás a intervención dirixista, a mera transmisión de contidos, a favor dunha metodoloxía activa, que leve ao alumnado á súa propia aprendizaxe. Por isto, son importantes os proxectos que contan coa súas páxinas web, que permiten un traballo colaborativo e asociativo do alumnado, que promoven a investigación en grupo, a través de guías e secuencias didácticas.

- Sería moi importante que as memorias contaran cunha breve avaliación descritiva dos resultados, que inclúisen, desde o seu punto de vista, as seguintes cuestións:

- a) Qué coñecementos e competencias ten desenvolvido o alumnado ao final da actividade?

- b) Qué modificacións deberían introducirse nesa intervención para un mellor funcionamento da formación? Por exemplo, un dos proxectos analizados especifica como cuestións fundamentais antes de realizar unha intervención a idade da poboación á que se dirixe cada ferramenta, e o código ético das imaxes, pero non fala do esencial, que é a análise dos coñecementos previos que o alumnado desa idade ten xa sobre a material en cuestión.

REFLEXIÓNS CONCLUSIVAS

- Todos os organismos implicados en fomentar, desenvolver e potenciar a EPD temos que reflexionar sobre o proceso de transmisión de saberes, dos contidos e das actitudes de compromiso cara ao cambio na acción.

- É preciso aportar datos que fortalezan e posibiliten coñecer cómo se está a desenvolver a educación e a sensibilización na nosa comunidade. Os resultados sobre os que hai que reflexionar son para que todos coñezamos ata onde debe continuarse por esta vía, e cómo e onde deberían cambiarse e reformularse procedementos e accións (se quen fai a avaliación non podo atopar datos obxectivos sobre as intervencións, tampouco os poderán atopar outros axentes da nosa sociedade)

- Unha reflexión en conxunto das actividades desenvoltas, contrastadas cos hábitos dos noso alumnado despois, debería inducir a unha seria reflexión sobre se as actividades de formación son as idóneas para a aprendizaxe dos obxectivos e as características dos participantes; posiblemente, debería tenderse máis a unha formación fóra da aula, que fose un comprometido apoio aos contidos en EpD e os tempos do currículo educativo.

- A nosa intención finalista -e hipotética- con esta avaliación é poder percibir ou analizar o nivel das aprendizaxes das persoas destinatarias dos proxectos, pero polos datos aportados nas memorias, este proceso aínda non é posible. Así mesmo, e tal e como están deseñadas e feitas as memorias, está aínda moi lonxe a posibilidade de analizar e aportar datos sobre a existencia ou non de cambios condutuais.

- Sendo moito menos tradicionais, habería que tender a unhas accións fóra do ámbito educativo: en empresas, en sindicatos, no comercio, nos centros de diversión, nos espazos propios de todos, etc, etc. Actuar soamente sobre a mocidade, deixa totalmente fóra a toda a poboación galega de máis de 23 anos, á que practicamente non se lle dirixe ningunha actividade formativa, sendo, paradoxicamente, a que ten nas súas mans a acción directa do cambio. Debería promoverse unha reflexión para achegarse con actividades formativas a estas

persoas, o que xa se recolle no documento matriz do Consenso Europeo⁵: *“o obxectivo da educación e da sensibilización en materia de desenvolvemento é facer posible que todos os europeos teñan ao longo da súa vida acceso á posibilidade de sensibilizarse e de percibir os aspectos do desenvolvemento mundial e a súa importancia local e persoal (...). Os principais destinatarios da educación e da sensibilización en materia de desenvolvemento en Europa son todos os seus cidadáns, que son ao mesmo tempo, destinatarios das actividades das actividades e participantes na busca de respostas a problemas de desenvolvemento”*

Isto garda estreita relación cos plans europeos de formación ao longo de toda a vida, que están presentes tamén na comunidade galega.

⁵ Proposta de Declaración Conxunta do Consello, do Parlamento Europeo e da Comisión Europea. “La política de desarrollo de la Unión Europea: el consenso europeo” Comisión das Comunidades Europeas, Bruselas, 2005.

ANEXO I

Ciclos formativos cuxos contidos curriculares teñen relación directa coa Educación para o Desenvolvemento.

a) todas as especialidades das familias de *Seguridade e Medio Ambiente* e de *Enerxía e Auga*;

b) as seguintes especialidades agrarias: Explotacións gandeiras, Explotacións agrarias intensivas, Explotacións agrarias extensivas, Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, e Xestión e organización de empresas agropecuarias.

c) as seguintes especialidades pesqueiras: Operacións de cultivo acuícola e Producción acuícola.

d) da rama administrativa, a especialidade de Administración e finanzas.

e) da rama de comercio e marketing, as seguintes especialidades: Comercio internacional, Xestión comercial e marketing, Comercio e Servizos ao consumidor.

f) da rama de edificación e obra civil, as especialidades de: Realización e plans de obra, Obras de formigón, Desenvolvemento e Aplicación de proxectos de construción e Obras de albanelaría.

g) todas as especialidades da rama de industrias alimentarias.

h) a rama de madeira e moble.

i) da rama de química, sobre todo a especialidade de Química ambiental.

j) as nove especialidades da rama sanitaria.

k) a rama de téxtil, cos seus catro ciclos formativos.

CONVOCATORIA 2006-07

PROXECTOS DESENVOLVIDOS DURANTE OS ANOS 2006-2007

ONG	Proxecto
Bicis pola Paz	7ª aula de contos solidarios
Fundación INTERED	Campaña de sensibilización "se a muller avanza o mundo tamén"
Fundación Jóvenes del Tercer Mundo	Abre a xanela ao mundo
Fundación AMARANTE para o Ecodesenvolvemento	Galicia con vistas ao sur
Fundación AMARANTE para o Ecodesenvolvemento	Consumo sentido
Fundación Jóvenes del Tercer Mundo	Obxectivo 2015
Fundación contra a Fame	Actividades de sensibilización – formación en Galicia
Fundación Entreculturas Fe y Alegría	Rede solidaria da mocidade para a promoción da participación xuvenil e o exercicio da soberanía global
Farmacéuticos Mundi	A saúde no milenio: unha sinatura pendente
Asemblea de Cooperación por la Paz	Formación, participación e sensibilización de mozos/as universitarios/as en cooperación
UNICEF España (Comité Galicia)	Infancia en perigo
Manos Unidas	Acadar a educación primaria universal segundo os obxectivos do milenio
Médicos del Mundo	O xogo do sexo... infancia en risco de explotación sexual
Fundación Ayuda en Acción	A educación galego portuguesa nun país: Mozambique
Solidariedade Galega	Iguais para o 2015: póla equidade de xénero no mundo
Solidariedade Internacional de Galicia	Campaña de sensibilización e educación para o desenvolvemento sobre consumo responsable e comercio xusto
A Cova da Terra	O comercio xusto, o consumo responsable e a economía solidaria
Cruz Roja Española	Formación e sensibilización de axentes de cooperación e cooperantes arredor da aplicación do Dereito Internacional e Humanitario nos contextos de axuda humanitaria
Enxeñería sen Fronteiras	Acceso universal a recursos básicos: auga, alimentación e enerxía
Meniños, Fundación para infancia	Facendo familias. Algo grande dende os máis pequenos: as achegas dos nenos para mellorar a súa familia
INTERMÓN OXFAM	Campaña de sensibilización: Por el derecho de todas las personas a una vida digna

CONVOCATORIA 2007-08

PROXECTOS DESENVOLVIDOS DURANTE OS ANOS 2007-2008

ONG	Proxecto
A Cova da Terra	Alternativas comerciais e económicas para o desenvolvemento
Bicis pola Paz	8ª aula itinerante de contos solidarios
Amarante polo ecodesenvolvemento	Consumo S.O.S.tible
Entreculturas Fe y Alegría	Programa de formación e de exercicio activo dos valores da educación para o desenvolvemento da cidadanía global para mozos/as educadores
Implicadas/os no desenvolvemento	10 anos de implicadas
Implicadas/os no desenvolvemento	Vanakkam
UNICEF	Infancia en Senegal
Amarante polo ecodesenvolvemento	Proxecto de educación para o desenrolo de "Galicia con vistas ao sur"
Asemblea de Cooperación por la Paz	Formación, participación e sensibilización en cooperación ao desenvolvemento e obxectivos do milenio
Médicos del Mundo	Fotográfica vidas ao redor da SIDA
Intered Galicia	Campaña de Sensibilización e Formación do profesorado con enfoque de xénero: Intercambio de Experiencias Galicia e Centro Cultural Poveda da República Dominicana
Meniños, fundación para infancia	Axúdanos a cambiar o mundo de Milú
Manos Unidas	Mellorar a saúde materna segundo o obxectivo de desenvolvemento do milenio
Solidariedade Internacional de Galicia	Contos no mundo: Irene en Senegal
Asemblea de Cooperación por la Paz	A cooperación galega en Centroamérica
Cruz Roja	Sensibilización en ámbitos locais sobre a situación da poboación de África subsahariana
Farmacéuticos Mundi	A saúde no milenio
Intermón Oxfam	Visibilización da nosa cooperación: comedores populares gratuítos – Lima
Intermón Oxfam	Campaña de sensibilización "Cidadanía global, o compromiso activo"
Fundación Taller de Solidariedade	Apoio ás actividades de campaña "Teu turno, meu turno, consumo responsable"
Asociación Paz y Desarrollo	Transmitir á sociedade galega os obxectivos de desenvolvemento do milenio ante un mundo vulnerable
Ayuda en Acción	Sensibilización e fortalecemento das capacidades das mulleres do rural galego
Fundación Jóvenes del Tercer Mundo	Mulleres protagonistas do desenvolvemento
Acción contra el hambre	As caras da fame

